

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E RECUPERACIÓN

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA CURSO 23-24.

CIENCIAS SOCIAIS ESO.

Por unidades didácticas estableceuse o peso que se lle daba aos instrumentos de avaliación resultando que as probas escritas é do 70% e o das táboas de indicadores un 30%.

A probas escritas puntuaranse nunha escala de 1 a 10 e consistirán na contestación dunha serie de preguntas de diverso formato, por exemplo, poden ser de desenvolver, curtas ou tipo test; de relacionar conceptos; de identificar e comentar imaxes; de definir termos; pequenos análises de documentos, mapas, etc. Sempre se especificará o valor de cada pregunta, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima pero, de non ser así, a puntuación diminuirá en consecuencia cuns criterios obxectivos que o docente debe ter previamente fixados. Finalmente a cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión.

A táboa de indicadores comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado que poden ser traballos escritos; informes e redaccións; presentacións en ordenador; cadernos e cartafol; resumos; pósters; exposicións orais, etc.

A nota da avaliación será o resultado de:

Nota avaliación= [(Media Ex. x 70)+ (Media rúbricas T.I.x30)] / 100.

Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é igual ou superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Se o docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de reforzo. No caso de resultar unha avaliación negativa farase unha recuperación ao inicio da avaliación seguinte, baseada nos contidos mínimos da avaliación suspensa

Para a cualificación final de curso farase unha media das tres avaliacións APROBADAS

Se o resultado final non chega a un 5 o/a alumno/a terá que presentarse a unha proba extraordinaria en xuño dos contidos das tres avaliacións. Consistirá nun exame final no que se examinarán de todas as unidades didácticas. Novamente, a cualificación deberá ser superior a 5 (nunha escala de 1-10) para ter a materia aprobada, en caso contrario quedaría pendente e, en canto ao redondeo, aplicaráselle o establecido para as avaliacións.

BACHARELATO

HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO.

Nas unidades didácticas establece-se o peso orientativo que se lle dá aos instrumentos de avaliación e en todas elas o peso da cualificación recae maiormente nas probas escritas, nunha porcentaxe do oitenta por cento (80%).

En canto as táboas de indicadores (tratamento de textos, traballos, portfolio do alumno, exposicións orais, debates) pondéranse un vinte por cento (20%), segundo cada.

Nas probas escritas irá indicado o valor de cada pregunta e puntuarase sobre 10. No tocante á cualificación dos traballos e demais elaboracións xunto co portfolio do alumnado empregaranse as rúbricas facéndose a media do valor dado ás categorías da rúbrica.

Daquela, os criterios de cualificación quedarían da seguinte maneira:

- probas escritas un 80%
- outros indicadores 20%

A avaliación continua desenvólvese ó longo do curso a través de probas, observacións e producións prácticas. O profesorado avaliará unha selección de actividades do libro de texto e/ou outras que aquel considere necesarias e, de ser o caso, actividades de reforzo e ampliación.

Dado que se han ter en conta todos os elementos que configuran o currículo (competencias, obxectivos, contidos, criterios de avaliación) á vez que ten tanto un carácter cualitativo como explicativo, valorarase tanto o traballo diario como as producións prácticas. O alumnado deberá amosar as seguintes habilidades:

Capacidade comprensiva dos feitos tratados

Capacidade sintética á hora de expoñer os seus coñecementos.

Capacidade discursiva tanto no fondo como na forma na exposición dos coñecementos que posúe.

Periodicidade coa que se farán probas escritas: realizaranse un ou mais exames por avaliación segundo a programación de aula de cada grupo. De acordo con estes dous derradeiros criterios, o número de probas pode variar, independentemente do sinalado na programación inicial.

En todo caso, o alumnado que non puidera realizar a proba na data prevista deberá xustificar a falta, e o profesor aceptar a xustificación, a través do mecanismo establecido no centro para facer o exame en outra data diferente á programada. O alumno que non xustifique a falta, examinarase na recuperación da avaliación correspondente.

O número de traballos individuais e doutros mecanismos de avaliación será do mesmo xeito, variable. Cualificación das probas, traballos individuais ou colectivos, o traballo no caderno de clase e a observación do traballo na aula: nota media. Aspectos que se valorarán dentro da observación do traballo na aula e instrumentos para a recollida desta información: atención, esforzo, participación, interese, puntualidade, autonomía e cooperación.

Recuperación dunha avaliación non superada: unha avaliación non superada poderá recuperarse por medio dun exame de recuperación que se realizará ao inicio da avaliación seguinte.

Entenderase que a avaliación está superada cando a cualificación sexa igual ou superior a 5 puntos. A nota da avaliación recuperada será de 5. Aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é igual ou superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior

As probas de recuperación terán lugar:

A da primeira avaliación, no mes de xaneiro.

A da segunda avaliación, dentro das tres semanas lectivas seguintes á 2ª avaliación.

A da terceira avaliación (só para aqueles que suspenderon a terceira pero aprobaron as dúas anteriores) coincidirá coa da avaliación final.

Con carácter xeral, para aprobar a materia requirirase a superación das tres avaliacións. Non obstante, pode superarse a materia cunha avaliación suspensa se a cualificación desta é 4 puntos e a media das tres avaliacións é igual ou superior a 5 puntos.

A cualificación da avaliación final ordinaria será a media das cualificacións das avaliacións parciais (con redondeo á unidade superior se a décima é 5 ou máis de 5) tendo en conta sempre a nota final de cada avaliación resultante das cualificacións obtidas en todos os exames e demais instrumentos de cualificación. Para facer a media terase en conta a nota sen redondeo obtida en cada avaliación.

No primeiro curso de bacharelato, o período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata o remate do período lectivo dedicarase á preparación e á realización das probas extraordinarias, e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría.

Alumnado con avaliacións suspensas:

O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final adicarse a actividades de recuperación coa finalidade de preparar a proba de avaliación extraordinaria.

Alumnado con todas as avaliacións aprobadas

Realizará unha actividade de ampliación que consistirá en preparar e elaborar un traballo de investigación sobre algún punto do currículo do curso utilizando preferentemente as novas tecnoloxías. Esta actividade non terá peso na cualificación final.

No Bacharelato, a terceira avaliación coincidirá coa avaliación final do período ordinario.

Avaliación extraordinaria

O alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria poderá realizar unha proba extraordinaria nas datas que se determinen.

No primeiro curso de bacharelato, o período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata o remate do período lectivo dedicarase á preparación e á realización das probas extraordinarias, e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría.

Poderán realizar unha proba nas datas establecidas pola Consellería de Educación e segundo o calendario e horario fixado polo Centro, que será cualificada de 0 a 10 puntos (NP para os que non se presenten ao exame).

En canto aos criterios de recuperación farase unha proba escrita que terá o valor dun 100 %, proba que se fará ao inicio do seguinte trimestre. >s probas escritas faranse por trimestre, e puntuaranse sobre dez e figurando o seu valor en cada pregunta.

A recuperación da terceira avaliación soamente a fará o alumnado que ten suspensa a terceira pero as outras dúas están aprobadas. A nota máxima será de 5.

XEOGRAFÍA DE ESPAÑA.

- A avaliación formativa ou orientadora faise durante o proceso de aprendizaxe, observando sistematicamente o progreso, dificultades,... do alumno en dito proceso.

- A avaliación sumativa ou final faise ó remate do proceso de aprendizaxe determinando se o alumno adquiriu as capacidades requiridas e en que grao.

- A avaliación ordinaria:

Farase en tres avaliacións, de tal xeito que os contidos mínimos das primeiras avaliacións poden estar presentes nas seguintes e segundo os criterios de cualificación que se explicitan.

Os instrumentos de avaliación a utilizar co fin de coñecer o grado de comprensión dos conceptos e procesos, son:

- A participación no traballo de grupo.
- A participación en debates e exposicións.
- A realización de sínteses mediante esquemas, resumos ou gráficos.
- A cantidade e calidade dos coñecementos adquiridos.
- A comprensión dos mesmos.
- A capacidade de síntese e análise.
- A comprensión e desenvolvemento das actividades.
- A utilización das fontes de información.
- Probas escritas, orais e traballos individuais e en grupos.

Nos traballos avaliarase a calidade, exposición, coordinación e participación.

Avaliación procedimental (análise e comentario de documentos específicos da materia).

Esta proba pode referirse ao comentario de textos relacionados cos contidos tratados, comentarios e táboas estadísticas, gráficos (diagramas ombrotérmicos, hidrogramas, perfís topográficos, cliseries, pirámides de poboación).

Cartografía (localización e análise de mapas físicos, políticos ou temáticos, planos). O material cartográfico deste exercicio pode referirse a calquera dos contidos recollidos no currículo da materia: mapas topográficos, mapas xeolóxicos, mapas meteorolóxicos, mapas de coropletas nos que se representen fenómenos físicos, económicos ou demográficos, mapas políticos de división administrativas, de transportes e vías de comunicación. Tamén incluímos neste apartado o comentario de planos urbanos.

Nos exercicios de localización, as respostas deberán ter un grado de precisión suficiente para seren valoradas de forma positiva, polo que o alumnado situará de forma inequívoca (mediante punto, liña ou contorno) aquilo que se lle requira no enunciado.

É importante realizar ó remate de cada unidade didáctica algún repaso de actividades representativas que nos informen do grao de comprensión da unidade.

Sempre adecuándose ás modalidades citadas de ensino presencial, semipresencial e non presencial utilizarase medios electrónicos, telemáticos e semellantes como:

Preferentemente a Aula virtual do centro, Libro dixital EnRed e Edubook da editorial X, Google Classroom, Podcast, Abalar, Google Forms, GMail, Kahoot, Edmodo e aplicacións de vídeoconferencia e similares como Webex ou Teams.

Ademais, o profesorado poderá concertar entrevistas individuais co alumnado a través de videochamada como parte dos procedementos e instrumentos de avaliación nos casos que estime oportunos.

As probas escritas serven para que o alumno se dea conta dos seus avances e dificultades, o tempo que nos permiten detectar qué conceptos, procedementos ou actitudes deben ser reforzados.

Os criterios para cualificar ao alumnado serán os seguintes:

- Probas escritas (exames), orais ou dixitais nas que o alumnado debe contestar a preguntas tanto teóricas como prácticas.
- No caso de ter cadernos do traballo en papel ou dixital. O alumnado debe ter ao día o seu caderno cos diferentes exercicios e esquemas que se van realizando na aula.
- A ponderación dos exames escritos, dixitais ou traballos específicos na nota de avaliación será como mínimo do 80%, dependendo do número de exames feitos, en cada avaliación haberá como mínimo dous exames.
- A ponderación de outros traballos escritos, dixitais ou traballos específicos, exposicións orais, cuestións, tests e as actividades diarias da clase que se realicen durante a avaliación será como máximo do 20%, dependendo do número de traballos feitos.
- Para poder aprobar cada avaliación será imprescindible obter unha cualificación de 5 ou superior na nota ponderada dos exames feitos en dita avaliación.
- Ter unha avaliación suspensa implica a obriga de recuperala, non a recupera facendo media coas demais avaliacións.
- Para aprobar o curso e ter a materia superada é necesario ter aprobadas as tres avaliacións. Neste caso a nota final do alumno será a media aritmética das tres.
- Cada exame sinalará o valor de cada unha das preguntas.
- Nas notas da avaliación, que só admiten números enteiros, aplicarase o seguinte criterio:
- Si un alumno ou alumna obtivo como promedio unha cifra enteira, transcribírase esta sen alteracións nas actas.
- Si un alumno ou alumna obtivo como promedio unha nota con décimas, na súa transcripción nas actas de avaliación:
 - Redondearase ao enteiro superior no caso de que tales décimas teñan un valor igual ou maior de seis (exemplo: 7,6 se transcribíran nas actas como un 8), sempre que a nota chegue ou supere o 5.
 - Redondearase ao enteiro inferior no caso de que estas teñan un valor inferior a seis (exemplo: 6,4 ou 7,3 se transcribíran como un 6 ou un 7).
- Se algún alumno ou alumna é descuberto copiando nun exame, falando con compañeiros ou utilizando sistemas electrónicos para copiar, cualificaráselle con un 0, e suspenderá dita avaliación.
- O alumnado que ao longo do curso non acaden os obxectivos reflectidos nesta programación poderán realizar exames de recuperación. Estes exames realizaranse segundo o criterio do Departamento que imparte a materia, aínda que preferentemente ao final da terceira avaliación, tendo dereito á realización dos mesmos o alumnado que teña unha ou como máximo dúas avaliacións suspensas.
- A nota que obteña na recuperación será a que computa para a final da avaliación ordinaria.
- Poderán facer voluntariamente o exame de recuperación o alumnado que desexe obter máis nota da obtida na avaliación ordinaria, no caso de non superala mantense a obtida na avaliación.
- O exame da avaliación extraordinaria será o mesmo para todos os grupos co fin de homoxeneizar os niveis e coordinar a materia impartida polos diferentes profesores.

HISTORIA DE ESPAÑA

A cualificación do alumnado basearase en **PROBAS ESCRITAS** e en **TRABALLOS-COMPOSICIÓNS** corrixidas e cualificadas polo profesor.

- **PROBAS ESCRITAS:** Está prevista unha por trimestre.

PRIMEIRO TRIMESTRE haberá un exame dos Bloques de Contido 1 e 2 en forma de definicións de termos indicados e preguntas-temas segundo os criterios da CIUGA. Ademais desta proba obrigatoria, poderanse facer outras pequenas probas de un ou máis bloques, a base de preguntas curtas e algún termo para definir. Estas terán o carácter de “traballo” na cualificación do trimestre, xa que non está prevista a elaboración de composicións.

SEGUNDO TRIMESTRE haberá UN exame con definicións e composicións históricas do século XIX dende a composición 1 ata a 12 ambas incluídas (Bloque de Contido 3) co seu vocabulario de termos correspondente. Ademais de esta proba obrigatoria entregaranse as composicións que demande o profesor, que serán corrixidas e cualificadas.

TERCEIRO TRIMESTRE haberá UN exame con definicións e composicións históricas do século XX dende a composición 3 ata a 24 ambas incluídas (Bloque de Contido 4) co seu vocabulario de termos correspondente. Ademais de esta proba obrigatoria entregaranse as composicións que demande o profesor, que serán corrixidas e cualificadas.

O valor final de estas probas suporá entre un 80 e 90% na primeira avaliación, e entre un 70 e un 80 % na segunda e terceira. A oscilación débese a que dependerá do número de composicións-traballos corrixidas por trimestre

Polo que se refire ó grao mínimo de consecución de cada estándar nas probas escritas, seguiranse as indicacións da Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG). MODELO DE RÚBRICAS:

Moi deficiente (0-10% da nota)	Resposta en branco (0) A resposta é unha paráfrase dos documentos
Deficiente (20-40 % da nota)	Contidos: Xeneralidades sobre a época Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, como se fose a resposta a unha pregunta teórica Redacción: Texto no que abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas...
Aprobado (50% da nota)	Contidos: A resposta inclúe unha contextualización e explicación básica do tema proposto. Uso dos documentos: Os documentos cítanse na redacción. Redacción: Texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (60-80 % da nota)	Contidos (ademais do esixido para o aprobado): A resposta explica con claridade a tema proposto Uso dos documentos (ademais do esixido para o aprobado): A resposta analiza parte do seu contido Redacción (ademais do esixido para o aprobado): A redacción é correcta e o texto é coherente.
Sobresaliente (80-100 % da nota)	Contidos (ademais do esixido para o notable): A resposta explica en profundidade a problemática formulada, Introducendo precisións pertinentes sobre o tema Uso dos documentos (ademais do esixido para o notable): Faise unha análise en profundidade dos mesmos ou tense en conta a súa orixe, autoría... Redacción (ademais do esixido para o notable): A redacción é correcta e precisa, facendo uso de vocabulario específico. O texto está ben articulado e argumentado.

Se o alumno/a utilizara medios non permitidos nas probas, estas serían cualificadas como 0.

- **TRABALLOS- COMPOSICIÓNS.** Deberanse entregar axustados ao prazo e as indicacións de presentación. Valórase tanto os coñecementos como a expresión axeitada dos mesmos, a capacidade de razoar e de relación entre os documentos e os feitos históricos. Tamén, o emprego do vocabulario propio da materia. O valor final de estes traballos suporá entre un **10% ou 20 % na primeira avaliación**, dependendo do número de traballos, e entre un **20 e 30 % na segunda e terceira** pola mesma razón. Si se observara unha copia total ou parcial dos traballos entre os alumnos, procederase a mesma forma que na probas escritas, e dicir, cualificación de cero en eses traballos.

Aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é igual ou superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior

De suspender unha avaliación procederase a unha **RECUPERACIÓN** cun exame similar, cuxa **nota máxima será 5:** Recuperado.

- **NOTA FINAL AVALIACIÓN ORDINARIA “MAIO”:** a media entre as tres avaliacións SUPERADAS.

- **NOTA FINAL DA AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA “XUNIO”:** realizarase unha proba final na que será necesario acadar unha nota igual ou superior a 5 cunha proba puntuada sobre 10, seguindo o modelo das probas ABAU.

PROCEDIMENTO DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

ESO

O artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 establece o Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar. Nel indícase que o alumnado deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias non superadas, destinado á súa recuperación e á súa superación.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno. O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

- 1.- Materia e docente que supervisará o plan.
- 2.- Identificación do Alumno/a:
- 3.- Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- 4.- Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- 5.- Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- 6.- Recursos necesarios para o seu desenvolvemento
- 7.- Oferta de medidas extraordinarias (indicar cal ou cales)
- 8.- Seguimento e avaliación
- 9.- Acreditación da información á familia.

Segundo o indicado, o alumnado coa materia pendente será convocado ao inicio do curso para explicarlle o plan de recuperación. Este consistirá na elaboración dun cartafol de traballo baseado en tarefas a través das cales se traballan as competencias básicas. Ademais disto vai ter que realizar exames escritos sobre as preguntas que se lle proporcionaron xunto co cartafol

O alumno/a será guiado regularmente polo/a profesor/a, o que permitirá facer un seguimento do seu traballo e aclarar as dúbidas que se lle presenten.

Entregarase o cartafol de traballo e faranse dous exames, un coa parte de xeografía no mes de xaneiro e outro coa parte de historia no mes de abril .En virtude de todo isto a cualificación suporá:

70% da nota acadada no exame escrito sobre as preguntas que se lle entregaron e que previamente tivo que preparar.

30% da nota acadada polo traballo realizado cuxa cualificación está determinada polas rúbricas específicas, resultando a media de todas elas.

Polo tanto a nota é o resultado da media das dúas probas cos seus correspondentes traballos. Aprobará a materia se acada un 4,5 ou máis.

No caso de que o/a alumno/a non aprobase o exame realizaríase unha recuperación consistente nunha proba escrita en base ás preguntas preparadas e puntuada nunha escala de 1 a 10 non tendo que presentar o traballo se este xa foi entregado e valorado positivamente, en caso contrario, si debe corrixilo e axuntalo de novo.

Para a nota final de curso sería o resultado de: Nota final de curso: será a medida ponderada de exames e traballos: 70% exame e 30% traballos En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

BACHARELATO. HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

Realizaranse dúas probas parciais en xaneiro e maio. Aprobando ambos parciais ao obter un 5 como mínimo en cada un deles.

Aquel alumnado que non acadasen deste xeito os contidos mínimos esixidos e, polo tanto, non aprobasen a materia, poderán realizar no mes de maio, e se é necesario na convocatoria extraordinaria, unha proba final na que entrarán todos os contidos. Estas probas terán unha estrutura idéntica ás probas escritas realizadas durante o curso.